



## ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TALA E ROZA NO CONCELLO DE DODRO.

### Artigo 1º.- Obxecto do Prezo Público.

Constitúe o obxecto do presente prezo público a utilización do servizo de corta de eucaliptos, pinos e acacias e/ou desbroce de toda biomasa arbustiva e sub-arbustiva no espazo rural e dos asentamentos de poboación no Concello de Dodro.

Este servizo incluírá a destrución in situ, por triturado, da biomasa, así como o desembosque da madeira talada.

A madeira talada pertencerá aos propietarios dos terrenos.

### Artigo 2º.- Obrigados ao pago.

Estarán obrigados ao pago do prezo público aquelas persoas que soliciten e se beneficien dos servizos antes indicados, entendendo por tales os propietarios dos terreos sobre os que en cada caso se actuara.

### Artigo 3º.- Normas de xestión e ingreso.

O abono dos prezos que se establecen farase unha vez que o servizo sexa prestado, previa liquidación practicada polo Concello de Dodro, en función da superficie sobre a que en cada caso se tivera actuado.

### Artigo 4º.- Contía.

A contía do prezo público axustarase á seguinte estrutura:

	€/Ha.	€/m2
Tala e roza	2.206,60	0,2207
Desbroce	1.716,00	0,1716

Estes prezos, que inclúen o IVE correspondente, veranse rebaixados no caso de que os terreos sobre os que se actúe estean incluídos no Programa de actuación do Concello de Dodro en concordancia coa planificación preventiva do Distrito Forestal dentro do Convenio de colaboración que cada ano se asine coa Xunta de Galicia para a participación na protección



## CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA)

Teléfono 981 802 062 - Fax 981 802 142 - E-mail: correo@dodro.dicoruna.es

de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección. Sendo nese caso a contía do prezo público a que segue:

	€/Ha.	€/m2
Tala	320,00	0,032
Eliminación restos tala	211,00	0,021
Desbroce	521,00	0,052

Estes prezos inclúen o IVE correspondente

### Artigo 5º.- Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Dodro, 21 de abril de 2008  
O alcalde

Arturo Díaz Díaz